

UNHA VISTA PANORÁMICA DE PONTEDEUME ANTERIOR A 1634


Clodio González Pérez
Museo do Pobo Galego

Poucas son as poboacións que contan con vistas antigas de certa importancia, de antes de que se difundise o gravado, logo a litografía e, por último, a fotografía. Agás contadas excepcións, case sempre se trata de debuxos de escasa calidade artística, pero moi importantes como testemuñas gráficas, pois por elas podemos comprobar agora as grandes transformacións que se foron desenvolvendo ao longo dos séculos, e, en particular, dende que no XIX se desfizeron as torres e os muros defensivos.

Pontedeume é unha delas, e que conste que neste aspecto é unha das privilexiadas, tendo en conta que -polo menos- existen dúas vistas antigas: unha do ano 1798, debida ao párroco da igrexa de Santiago, Juan Valentín García, historicamente moi valiosa, pero de pouca calidade, que se cinguiu, polo que á ponte se refire, a debuxar dúas liñas paralelas como se se tratase dun camiño, sen facer, nin no deseño nin tampouco na lenda que figura á esquerda, ningunha alusión ás construcións que había ao longo da mesma, que si en cambio menciona logo no texto:

[...] Tiene su arranque en la Villa y puerta llamada del Puente, qe. está vajando por la calle principal de ella, y va siguiendo linea recta al sententrion hasta el sitio, qe. llaman del Arrenal entre Norte y Nordeste: tiene de largo 1.015 varas castellanas, 50 ojos o arcos de 24, a 26 y 28 pies en hueco, al principio de dho. Puente se hallan las figuras de un Javali y un Oso de estraña grandeza y echos a la perfeccion, cada uno de una pieza de cantería, de cuya materia tambien es el Puente y en medio de el se halla una Capilla del Espiritu Sto. en qe. se celebra Misa, y pegado se halla un Hospital para Peregrinos, cuydando de uno y otro un Hospitalero, qe. tiene su vivienda encima de dha. capilla...¹.

1. SORALUCE BLOND, J.R.: *Descripción de la villa de Puente de Heume*. Año de 1798, López Torre, Pontedeume, 1984, pp. 9 (debuxo), 14 e 15. Trátase dunha "descripción de la Villa de Puente de Heume" que fica manuscrita na Biblioteca Nacional de Madrid, que lle remitiu o párroco no mes de decembro de 1798 ao xeógrafo Tomás López (1730-1802), para levantar o mapa correspondente a Galicia, pero como a primeira edición do mesmo data de 1784, sería entón para ter en conta algunha posterior (*Cartografía de Galicia*. Colección Puertas-Mosquera, Universidade de Santiago de Compostela, 2000, hai dúas reproducións do devandito mapa de diferente época, pp. 165 e 174).



Pormenor da lámina 33: Pontes deume.

A outra vista é do ano 1849 e débese ao artista romántico ferrolán Xenaro Pérez Villaamil. Trátase dun debuxo tomado dende o porto, no que se ven varias embarcacións fondeadas e algunhas casas que daban contra o mar, así como a ponte, co arco que había á entrada da mesma².


Non sabemos se existirá algunha vista panorámica máis de toda a vila ou de parte, pero polo de agora a máis antiga é a que hoxe damos a coñecer, debida ao cartógrafo portugués Pedro Texeira, anterior a 1634.

O AUTOR E A OBRA

Filipe IV, co fin de coñecer ben as costas peninsulares, así como as súas defensas e tamén as carencias, ordenou facer un atlas que abranguese dende o río Bidasoa até o cabo de San Romao, chamado así daquela, na lagoa de Leucate, xa que nesta época o Rosellón ou Roselló aínda non pasara a depender de Francia (faríao pouco despois, en 1659).

A tarefa encomendóuselle ao cartógrafo Pedro Texeira, que se encargaría de facer os debuxos, entre os que hai varios mapas tradicionais e outros que son excelentes vistas panorámicas, nas que se representa o contorno da costa cos seus accidentes, as poboacións cos correspondentes nomes, embarcacións, praias, etc.

2. Ambos os dous debuxos figuran no artigo de J.F. CORREA ARIAS: "A ponte do Ume", *Cátedra. Revista eumesa de estudos*, núm. 2, Pontedeume, 1995, pp. 21 e 43.



P. Teixeira: *Descripción de España...* (fol. 2).

Teixeira non é coñecido na historia da cartografía peninsular precisamente por esta obra, que se descubriu hai poucos anos, en 2000, permanecendo até esa data descoñecida³, senón polo extraordinario plano de Madrid, *Mantua Carpetatorum, sive Matritvn vrbs regia*, publicado en 1656, e que aínda hoxe en día continúa sendo unha obra imprescindible para coñecer como era a capital a mediados do século XVII.

O autor era membro dunha estirpe de ilustres cartógrafos lusos, que se puxo ao servizo do rei de España, que daquela tamén o era de Portugal. Pedro Teixeira Albernás (que castellanizou os apelidos en Teixeira Albornoiz), naceu en Lisboa contra o ano 1595, e finou en Madrid en 1662, recibindo sepultura na igrexa beneditina de San Martiño, na mesma que tamén sería enterrado, pero máis de cen anos despois, o noso P. Sarmiento (1772).

Sabíase que fixera tal obra, non pola parte gráfica, senón porque existen varias copias da descrición que foi redactando ao mesmo tempo, publicada por primeira vez en 1908⁴, pero, pola contra, non se coñecía ningunha referencia verbo de que existise unha parte gráfica, que fica non se sabe dende cando na Österreichische Nationalbibliothek de Viena⁵.

O orixinal é un precioso manuscrito miniado, no que ademais do propiamente cartográfico, como son os accidentes xeográficos, o autor tamén reproduce a fisionomía das poboacións, coidamos que coa maior fidelidade posíbel. A tarefa, como consta no manuscrito, foi un encargo de Filipe IV:

Nuebe años a que V. Magd. me mandó fuese a oservar y sondar los puertos i plaias y cabos de la costa de España. Y considerando no ser justo quedase en bosquexos cosa de tanta ynportancia, tomé el compas y la pluma façilitando el trabaxo que se me ofreçía con pensar servir a V. Magd. para que V. Magd. tenga entera notiçia de las costas y puertos destes sus reynos de España que goze V. Mad. munchos y felizes anos para aumento y bien de toda la Cristiandad.

Sabemos que o equipo estaba en Hondarribia (ou Fuenterrabía) no mes de setembro de 1622, tomando datos para o futuro atlas, e que antes de rematar o devandito ano xa chegara a Galicia, pero o traballo de campo non se concluírá até 1630, e a copia definitiva que coñecemos agora aínda catro anos máis tarde, en 1634.

3. PEREDA, F. / MARÍAS, F. (eds): *El atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Teixeira (1634)*, Editorial Nerea, Hondarribia, 2002.

4. BLÁZQUEZ, A.: "La descripción de las costas de España por Pedro Teixeira Albernás, en 1630", *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, 1908, pp. 364-379; e, tamén do mesmo autor, "La descripción de las costas y puertos de España de Pedro Teixeira Albernás", *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, núm. 52, 1910, pp. 36-138 e 180-233.

5. PEREDA, F.: "Un atlas de costas y ciudades iluminado para Felipe IV: La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus Reynos", de Pedro Teixeira", en *El atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Teixeira (1634)*, pp. 29 ss.

GALICIA

O atlas da Biblioteca Nacional de Viena é un fermoso manuscrito de vitela iluminado á témpora, de 87 folios de 352 x 444 mm., que leva por título: *Descripción de España y de las costas y puertos de sus reynos. Al muy catolico y muy poderoso rey don Filipe III. Nuestro Señor. Por don Pedro Texeira Albornas. Cavallero del abito de Christo. Año 1634.* Conta con 12 mapas a dobre páxina (o primeiro é o da península, e o último un mapamundi), e 88 de unha soa, sendo o total de láminas de 102.

Curiosamente Galicia é a que conta con máis, 18, despois dos 21 de Portugal, fronte a 15 de Euskadi, 5 de Cantabria, 9 de Asturias, 17 de Andalucía, 2 de Murcia, 5 de Valencia e 5 tamén de Catalunya.

A primeira lámina -a dobre páxina- corresponde a toda Galicia, pero vista dende o mar, como se o espectador estivese situado fronte ao cabo de Ortegal, a suficiente altura e distancia que lle permitisen divisar toda a panorámica dende Luarca até Caminha, polo que se refire á costa, e polo interior até Puebla de Sanabria, co reino de Portugal ao fondo.

Seguen as láminas da ría de Ribadeo, na que sobresaie o castelo desta vila do que aínda perduran algúns restos; a de Viveiro, coa poboación ben fortificada; a de Santa Marta de Ortigueira; a de Cedeira (*Sedeira*), tamén con murallas; e, pola contra, está Ferrol que non contaba daquela aínda con ningún tipo de defensas. Vén logo a da ría da Coruña, na que salienta a cidade fortificada na súa península, o castelo de San Antón, as casas da Pescadería, a capela de Santo Amaro e, en particular, a Torre de Hércules, na que se distingue claramente a escaleira ou rampla exterior pola que se accedía até o faro, que é unha das testemuñas fidedignas máis antigas de cantas se conservan deste importante monumento romano.

A lámina seguinte -que, consonte coa costa, debera estar antes-, corresponde ás rías de Pontedeume e de Betanzos, con ambas as dúas vilas protexidas con muros. Despois está a de Corme, non máis que unha pequena aldea cun inmenso areal ao fondo; preciosa é a de Camariñas e Muxía, na que xa se sinala a capela da Virxe da Barca; vén logo a de Corcubión con Cee (*Cea*), que debera ficar despois da seguinte, que é a do cabo *Finis Terra*, impresionante pola súa abrupta orografía, que o debuxante e cartógrafo portugués representou magnificamente, non se esquecendo da igrexa, nin tampouco da enorme cruz de madeira que estaba daquela chantada sobre a rocha máis alta. A folla seguinte quedou en branco, que correspondería de facerse á desembocadura do río Xallas e aos areais de Carnota, xa que na seguinte temos a ría de Muros e Noia.

A continuación está a de Arousa: O Caramiñal, A Proba (*A Proua*), Vilagarcía, Cambados, etc., e ao fondo de todo, Padrón; na ría de Pontevedra a principal poboación era a que lle dá nome, ben protexida polas murallas, a ponte do Burgo sobre o Lérez, e varios núcleos, como Portonovo, Aldán e Marín. Na de Vigo podemos comprobar como a actual cidade por entón non era máis que unha pequena vila sen murallas, semellante á da outra banda da ría, Cangas do Morrazo. O artista representa no medio das augas a illa de San Simón coa capela.



Reyno de Galizia (fol. 28).

As láminas galegas rematan con dúas obras de calidade: unha extraordinaria vista de Baiona, coa fortaleza de Monterreal (torre do Príncipe e de Santo Antonio), a Pescadería, a capela da Virxe do Burgo e a ponte da Ramallosa. E, por último, as illas Cíes, con Baiona a un lado, Cangas ao outro, e ao fondo Bouzas e Vigo.

Seguen as páxinas dedicadas a Portugal, que a primeira corresponde á foz do Miño, na nosa banda coa vila da Guarda -así escrito- e o monte de Santa Trega.

PONTEDEUME

A) O DEBUXO

A obra de Pedro Texeira -como queda dito- consta de dúas partes: unha gráfica, que son as láminas, e outra literaria, que corresponde aos textos nos que se describe a costa. A data de remate que figura no orixinal manuscrito é a de 1634, pero tanto a vista como a descrición correspondentes a Pontedeume son anteriores, quizais de finais de 1622, xa que se sabe que antes de rematar o devandito ano o equipo chegara a Galicia ou, como moito, de comezos de 1623.

O artista situouse fronte á entrada da ría, quedando nun extremo á súa esquerda a Punta do Cabalo e no outro, á dereita, a rocha da Marola. Seguindo a liña costeira está o casarío de *Aries* [Ares], con dous barcos coas velas recollidas e na praia varias embarcacións pequenas. En Redes temos un barco veleiro e no areal varias barcas ou dornas, e xa non hai máis poboacións até a ponte de Pontedeume, mandada construír por Fernán Pérez de Andrade o Bo entre os anos 1380 e 1386, en substitución dunha anterior de madeira que xa se menciona na confirmación dos privilexios por parte do rei Juan I ao devandito Fernán Pérez, o 20 de marzo de 1384⁶.

Á entrada da ponte había un cruceiro, que é o mesmo que fica agora ao comezo da estrada da "Feira do oito", en Cabanas, que tamén se cita poucos anos despois de pasar por aquí Texeira nun escrito dirixido ao corrixidor de Betanzos sobre o mal estado da ponte, en 1649:

*[...] y por quanto la ynbencción de la mar yba comiendo y gastando la tierra que estava junto a las salidas del d[ic]ho puente se necesitava de hazer y fabricar de nuevo todo el lenzero desde el pié del cruzero asta tierra firme haciendo tres hojos de nuevo [...]*⁷.

Segue a monumental ponte na que se distinguen só 18 arcos, pero que tiñan que ser moitos máis: 78 dise que eran en 1622⁸, e 50 constan na descrición que lle manda o párroco Juan Valentín García en 1798 ao cartógrafo Tomás López⁹.

6. VAAMONDE LORES, C.: *Ferrol y Puentedeume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos en los siglos XII, XIII y XIV, precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión, Prioro y Nogueirosa*, A Coruña, 1909, pp. 77, 78.

7. CORREA ARIAS, J.F.: "Art. cit.", pp. 20, 30.

8. PÉREZ COSTANTI, P.: *Notas viejas galicianas*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993, p. 406.

9. SORALUCE BLOND, J.R.: *Obr. cit.*, p. 14.

En primeiro lugar sobresaie unha construción que corresponde á capela e ao hospital de peregrinos, que xa figura na confirmación dos privilexios do rei Juan I, en 1384:

*[...] por parte de vos Fernan Perez Dandrade nuestro vasallo nos dijere que por quanto el rrey Don Enrique nuestro padre que Dios perdone vos fizo muchas mercedes que vos avedes f[ec]ho a buestra propia costa e mesion la puente deume e que en la d[ic]ha puente avedes facer una capilla onde se cantase una capellania perpetua por el anima de d[ic]ho rrey nuestro padre e un ospital do se acoxesen los pobres que por el pasasen e que era buestra voluntad de dar e dottar para siempre llamas a la dicha capellania perpetua...*¹⁰

Construción que tamén cita no texto o cartógrafo luso: *En medio se ensancha, donde tiene vn ospital...*¹¹, que existiu até 1843, en que se acorda a reparación e reforma da vella ponte, empregándose na mesma a pedra da devandita capela, polo que xa non aparece no debuxo do romántico Xenaro Pérez Villamil, seis anos posterior.

A seguinte construción que había sobre a ponte era unha torre, como di Pedro Texeira: *y en el otro terçio de la puente vna torre con vn arco que se sierra con su puerta...*¹² Nela estaba unha capela pequena dedicada a Santo Antonio, que quizais xa existise cando estivo aquí Texeira, que se menciona, por exemplo, no Libro Rexistrador de Propiedades do concello do ano 1756:

*[...] Sobre el Pilar de entre el octavo y noveno arco, contando desde la puerta de dicha villa, tiene un torreón y en él un oratorio del glorioso san Antonio de Padua, el que tiene de alto Diez y ocho pies [...]*¹³.

A ponte contou cunha torre máis, situada pola banda de Cabanas, logo de pasar a capela e hospital do Espírito Santo, que, como non a debuxou o cartógrafo luso, deducimos que non existise aínda nesa época, no primeiro cuarto do século XVII. No mencionado Libro Rexistrador de Propiedades do concello de 1756, descríbese así:

*[Logo da capela e do hospital] Siguiendo más adelante sobre el Pilar de entre los arcs quarenta y uno, y quarenta y dos tiene, otro torreón con su techo de madera y teja, y a un costado de el la Ymagen de Nuestra Señora de la Quinta Angustia, que bulgarmente llaman Nuestra Señora del Risco*¹⁴.

10. VAAMONDE LORES, C.: *Obr. cit.*, pp. 77, 78.

11. ZOLLE, L.: "Transcripción", en *El Atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos" de Pedro Texeira (1634)*, p. 327.

12. Ídem.

13. LÓPEZ CALVO, A.: "O Libro Rexistrador de propiedades do concello no fondo de Patrimonio do Arquivo Municipal. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no século XVIII", *Cátedra*, 4, Pontedeume, 1997, p. 71.

14. Ídem, p. 71.

Estas torres desaparecerán nos diferentes arranxos que sofre a ponte, e, en particular, co gallo da riada de 1784 na que estaba o oratorio dedicado á Virxe. A outra debeu ser antes de 1843, pois no contrato de reforma desta data a única construción que se cita é a capela do Espírito Santo.

As obras da actual ponte, que veu a substituír á medieval que mandara construír Fernán Pérez de Andrade o Bo, comezaron en 1863, pero non rematarían até 1887.

Pontedeume estaba ben protexida pola muralla, de boa altura se a comparamos con outras, así como tamén por varias torres, ao menos nove, contando tamén a que daba acceso á ponte, que era unha das maiores, segundo se albisca no debuxo. Fóra dos muros había algunhas construcións, pero poucas e, a teor de como as representou o cartógrafo, non máis que varias casas de pouca importancia. Debido á distancia dende onde está tomada a vista, entre os edificios da vila non se distingue ningún que poida ser agora identificado, como igrexas ou pazos.

A lámina complétase coa vista de Betanzos, tamén coa súa ponte e rodeada de murallas, para seguir Sada, con dúas pequenas embarcacións veleiras varadas no areal, *Sontán* [Fontán, aldea de Sada] con outras dúas, das que unha non ten vela e, por último, o illote de *Lamarola* [A Marola], dando comezo xa a ría da Coruña que, como queda dito, figura indebidamente na folla anterior.

Pontedeume sufrira en 1607 un voraz incendio, do que aínda non se debiera recuperar de todo cando chega aquí Pedro Texeira, pero nas mesmas datas, 1622, ordénase levar a termo importantes melloras urbanísticas, como a rede de sumidoiros:


*Por quanto la d[ic]ha vi[ll]a tiene muy grande necesidad, para su limpieza y quitar los malos olores, que las calles se rreparen y que en ellas ayan condutos p[ar]a conducir y heepeler las ymundicias, hordenaron y mandaron que en las cassas aya caños y sumideros que tengan correspondencia a los condutos generales, para que salgan a la mar, y que los v[ecin]os desta vi[ll]a que tubieren cassas en ella hesten obligados, dentro de tr[eint]a dias despues que hesta ordenanza fuere publicada, a hacer la p[ar]te de condutos que les tocare [...]*¹⁵

Por este debuxo coñecemos a fisionomía de como debeu ser a vila na idade Media, coas súas torres, de boa altura se as comparamos coas demais construcións que estaban dentro do recinto murado, ao que se accedía por varias portas, das que as máis transitadas eran a da Ponte (destruída en 1905), a da Vila ou San Roque (saída cara Betanzos, A Coruña, etc.) e a do Porto ou de San Miguel. Ademais houbo outras tres: a da Cortadoría (ou Carnicería), a da Salga e a pequena do "Postigo"¹⁶.

As murallas e as torres, construídas -ou moi melloradas- a partir de 1270, data en que Afonso X lle concede á vila o foro de Benavente, seguiron a mesma sorte que outras moitas, que

15. COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puentedeume y su comarca*, Santiago de Compostela, 1944, p. 399.

16. En particular do arco da porta da ponte existe testemuña gráfica, pero só pola parte interior, que foi derrubado en 1906 (COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Obr. cit.*, p. 280).



P. Teixeira: Ría de Ares e Betanzos (fol. 33).

foron desaparecendo paseniño ao longo do século XIX, cando xa perderan a importancia bélica de antano e non eran máis que un atranco para o medro das poboacións.

B) O TEXTO

Como queda dito, a parte gráfica complétase coa descrición literaria tamén debida ao mesmo cartógrafo, pero, a diferenza do que ocorreu co atlas, esta segunda xa se coñece hai moitos

anos, dende que se publicou por primeira vez en 1908. A partir desta data saíron, ao menos, dúas edicións, unha do mesmo autor da primeira, A. Blázquez, en 1910, e outra de L. Zolle, en 2002, que é a que se reproduce deseguido:

[...] Del puerto del Ferrol va la costa continuando al mediodía y aze vna punta que llaman del Cauallo. Della se estiende vna plaia de arena donde con façilidad se puede desembarcar. Feneçe esta plaia, que llaman de Segueña, con vn cauo donde, boluiendo la costa al leuante, aze la ría de Betanços que tiene en su entrada de ancho vna grande legua y quanto más se entra por ella se va más ensanchando asta tener dos leguas. Esto en espaçio de legua y media donde se diuide en dos braços que entranbos se nauegan, quedando en el de la parte del leuante la uilla de Pontesdeume y el de la del poniente asta la çiudad de Betanços. De la dicha parte del leuante desta ría, pasada la punta que queda dicho de Segueña media legua, está vna buena e espaçiosa plaia de arena bien abrigada de los bientos donde dan fondo munchos nauíos en quatro y sinco braços, enfrente de hun lugar que está en la misma plaia que llaman Aries [Ares]. Es de buena población, aunque ny para ella ny para su puerto tiene defença ninguna. Quédale a las espaldas, como lo muestra la tabla, el puerto del Ferrol, media legua más adelante. Por la costa dicha del leuante desta ría vna legua, está otro puerto y junto a él vna villa que dizen Redes, no de tanta población como la de Aries y ni más ny menos abierta y sin defença como ella. El puerto es segurísimo de todos tienpos, ancoran los nauíos muy serca del lugar en sinco y seis braços de fondo y, de ordinario, bienen a este puerto munchos nauíos de corsarios y dan fondo sin se le poder estorbar y, a bezes, saltan en tierra y azen agua y leña como se les antoxa y como se ystuuieran en Olanda. Deste puerto y villa de Redez vna legua está la de Pontesdeume.

Está la uilla de Pontesdeume çitiada en la orilla deste brazo de mar de la parte del mediodía. Es lugar noble y de muncha población, cercado todo de buena muralla que con ser muy antigua está oy toda yn pie. Tiene esta villa gran trato de pescado y para la pescaría tiene munchas barcas y redes que llaman armaçones y casi todos los días salen a la mar alta a pescar sardinas que después cargan en muncha cantidad para munchas partes de España. Y de la parte del leuante se entra en esta villa por vna puente que le aze sélebre. Es esta puente de las más grandiosas que tiene España, toda de cantería, fábrica antigua pero tan entera que parese auerse aora acabado. Tiene esta puente de largo largas dos carreras de cauallo. No es demaziado de alta y así tiene gran número de arcos. En medio se ensancha, donde tiene vn ospital, y en el otro terçio de la puente vna torre con vn arco que se sierra con su puerta, fábrica toda ella de muncha consideración y hermosura.

A la parte del mediodía del otro brazo de mar que queda dicho se diuide esta ría, está çituada la çiudad de Betanços. Çercada de muros a lo antiguo, tiene en su río o brazo de mar otra puente no de tanta grandeza como la dicha pero también de buena fábrica, toda de cantería. Suben algunos nauíos y barcos asta amarrarse en ella. Tiene el mismo trato que todos los demás lugares marítimos desta costa que

*es la pescaría. Dos leguas desta ciudad al poniente se sierra esta ría de Betanços con vna punta que llaman La Marola. A la mar, della cosa de hun tiro de mosquete, está vna ysla del mismo nonbre del cauo y, antes de llegar a esta punta poco menos de vna legua, está vna plaia de arena donde se puede desembarcar. Junto a ella está vna aldea que llaman Sontán [Fontán] y poco más adelante ay otra que dizen Seda [Sada]. De la punta de La Marola ase la costa vna gran ensenada azia la parte del mediodía, en el cabo de la qual se remata vna punta de tierra çercada cassi toda del mar donde está çituada la ciudad de La Curuña [...]*¹⁷

Non hai dúbida que de todo o conxunto urbano de Pontedeume o que máis lle chamou a atención ao cartógrafo luso foi a súa ponte, que era unha das *más grandiosas que tiene España*.

BIBLIOGRAFÍA

- BLÁZQUEZ, A.: "La descripción de las costas de España por Pedro Texeira Albernas, en 1630", *Revista de Archivos, Bibliotecas y Museos*, Madrid, 1908.
- "La descripción de las costas y puertos de España de Pedro Texeira Albernas", *Boletín de la Real Sociedad Geográfica*, núm. 52, Madrid, 1910.
- CORREA ARIAS, J.F.: "A ponte do Ume", *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, núm. 2, Pontedeume, 1995.
- CORREA ARIAS, J.F. / SARMIENTO CALVO, F.: "A ponte do Ume" II, *Cátedra*, 7, Pontedeume, 2000.
- COUCEIRO FREIJOMIL, A.: *Historia de Puentedeume y su comarca*, Editorial Compostela, Santiago de Compostela, 1944.
- HOYO, J. del: *Memorias del Arzobispado de Santiago*, Edición de A. Rodríguez y B. Varela, Santiago de Compostela, s.a.
- LÓPEZ CALVO, A.: "O Libro Rexistrador de propiedades do concello no fondo de Patrimonio do Arquivo Municipal. Uns apuntamentos sobre Pontedeume e o seu alfoz no século XVIII", *Cátedra*, 4, Pontedeume, 1997.
- MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, I.: *Toponimia del Concejo de Pontedeume y cartas reales de su puebla y alfoz*, Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 1987.
- PEREDA, F. / MARÍAS, F. (eds): *El atlas del Rey Planeta. La "Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos de Pedro Texeira (1634)*, Editorial Nerea, Hondarribia, 2002.
- PÉREZ COSTANTI, P.: *Notas viejas galicianas*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1993.
- SORALUCE BLOND, J.R.: *Descripción de la villa de Puente de Heume. Año de 1798*, López Torre, Pontedeume, 1984.
- VAAMONDE LORES, C.: *Ferrol y Puentedeume. Escrituras referentes a propiedades adquiridas por el monasterio de Sobrado en dichos partidos en los siglos XII, XIII y XIV, precedidas de una breve reseña histórica de las granjas de Brión, Prioiro y Nogueirosa*, A Coruña, 1909.

17. ZOLLE, L.: "Ar. cit.", pp. 327, 328.